



## **BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, TEMPORAL DE INTERESE SOCIAL, A XORNADA COMPLETA, DE 1 PEÓN FORESTAL, EXERCICIO 2023, POR UN PERÍODO DE NOVE MESES.**

### **1. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 1 peón forestal, exercicio 2023.

A modalidade contractual será a de contrato de duración determinada vinculado aos programas de activación para o emprego, “*contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral*”, segundo o disposto na Disposición Adicional novena da Lei do Emprego, modificada pola Disposición Final 2ª do Real Decreto Lei 32/2021 de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, a xornada completa, e cun período laboral de nove meses, segundo o sinalado na subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Orde de 9 de xaneiro de 2023, (DOG nº 22 de data 1 de febreiro de 2023) pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural).

### **2.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES**

Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- Non ser contratado, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e con entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- Ser convocado pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense-A Ponte, mediante comunicación pola oficina de emprego de Ourense- A Ponte ou polo Concello.
- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da UE ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da UE, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola UE e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de





dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión europea, se encontre en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación.

- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto da convocatoria.

- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado nin sometido a sanción disciplinaria, no seu estado, nos mesmos termos, ao acceso ao emprego público.

- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

### 3.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1.- A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas bases.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo. Cando o concello necesite algún traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria e subvencionado ó abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para cubrir postos que queden vacantes como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- Baixa por IT do titular.

- Baixa por maternidade da titular, máis o permiso de lactancia cando se acumulen en xornada completa .

- Vacacións, permisos ou descansos do/a titular .

- Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a.

Entón acudirase a dita bolsa seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a o que debe xustificarse mediante a documentación necesaria.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado a través da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural).





## 4.-DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos de instancias (Anexo I) que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Maceda, no prazo de 4 días hábiles, comezando a computarse dito prazo dende a data de comunicación pola oficina de emprego de Ourense-A Ponte ou polo Concello.

- de luns a venres: de 9.00 a 14:00 H.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia auténtica polo Concello de Maceda ou notario do D.N.I. ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta e de non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente no seu estado, ó acceso ó emprego público. (Anexo II)
- Relación de méritos que alega xunto coa documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada polo concello de Maceda ou Notario.(Anexo III)
- Para acreditar a existencia de responsabilidades familiares: Declaración. (Anexo IV)
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempregado emitido pola oficina pública de emprego.
- Para acreditar o menor nivel de protección por desemprego: certificado de percepción de rendas do INEM.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento da presentación de instancias. Asemade non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate de prazo de presentación de instancias.

## 5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte e cunha **puntuación máxima de cen puntos**:

### 5-1.- Circunstancias persoais:

Por estar dentro dalgún dos colectivos nomeados en cumprimento do artigo 14.5 da Orde do 9 de Xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de emprego no medio rural (APROL Rural) :

- 1.- Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.





- 2.- Mulleres.
- 3.- Menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.
- 4.- Menores de 30 anos.
- 5.- Persoas paradas de longa duración.
- 6.- Persoas con discapacidade.
- 7.- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- 8.- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 9.- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.
- 10.- As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
- 11.- Persoas cun menor nivel de protección por desemprego.
- 12.- Persoas con responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A puntuación por cumprir algún dos requisitos previstos nos apartados anteriores do 1 a 10 será de 10 puntos por cada un dos supostos, en cumprimento do previsto no punto 14.5 da Orde na que se da preferencia a determinados colectivos.

A puntuación por cumprir algún dos requisitos previstos nos apartados 11 e 12 será de 4 puntos en cada un dos supostos, en cumprimento do previsto no punto 14.5 no que sinala que se terán en conta estes requisitos.

**5.2.- Outra formación.** Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. **(Ata un máximo de 1 punto)**

- Con duración de ata 30 horas.....0.10 puntos cada un.
- Con duración de 31 a 100 horas.....0.20 puntos cada un.
- Con duración superior a 100 horas.....0.50 puntos cada un.

A formación acreditarase mediante os correspondentes certificados ou diplomas de asistencia ou aproveitamento expedidos polos organismos oficiais que impartan os referidos cursos.

**5.3.- Coñecemento acreditado do idioma galego.**

- Curso de lingua galega 2 ou CELGA 2 (validable por EXB): 0.25 puntos.
- Curso de lingua galega 3 ou CELGA 3 (validable por ESO ou FPI): 0.50 puntos.
- Curso de lingua galega 4 ou CELGA 4 (validable por BUP ou FPII): 1 punto.

No suposto de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación. **(A puntuación máxima será de 1 punto).**





Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos ou candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios: en primeiro lugar, a favor daquel aspirante que teña o menor nivel de protección por desemprego; en segundo lugar, de persistir o empate, a favor daquel que teña maiores cargas familiares; en terceiro lugar, de persistir o empate, a favor daquel candidato/a que acredite máis formación e por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

## 6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados.

As persoas substituídas de selo caso, serán nomeadas polo Sr. Alcalde no momento oportuno.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor á incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas que se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán polo tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir notificando ó Excmo. Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/a Presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a Presidente e do/a Secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases da convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestión suscite na súa interpretación.





## 7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, o tribunal nomeado pola Alcaldía e unha vez constituído, propón á Alcaldía a relación de admitidos e excluídos en función dos requisitos esixidos nas bases. Por resolución da Alcaldía aprobarase provisionalmente a lista de admitidos/as e excluídos/as no procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para reclamacións ou corrección de erros. (Non para alegar novos méritos non alegados ata entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as e valorará os méritos alegados polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou copias auténticas polo Concello de Maceda) e en ningún momento se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Concluído o proceso de selección, o alcalde por resolución de Alcaldía nomeará en función da proposta do tribunal ao de maior puntuación acadada trala aplicación das bases de selección. No suposto de non axustarse á proposta do tribunal deberá xustificalo.

Todas as notificacións que se realicen respecto do presente procedemento de selección, levarase a cabo exclusivamente, de acordo ó establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica: <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal/>

## 8.-PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/a aspirante proposto/a presentará no rexistro do Concello, no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello a seguinte documentación:

- Certificado orixinal de titularidade da conta bancaria.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto que ocupa.
- Certificado da oficina de emprego de estar inscrito na mesma, como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego, no momento da selección e no momento da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

## 9.-NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior formalízase o contrato entre o Sr. Alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a.





Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto o/a aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica: <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal/>, para coñecemento de todos/as aspirantes, que poda interpoñe-los recursos previstos na vixente lexislación.

## 10.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración local que convoca, ó tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso. O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación podendo adoptar resolución, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

## 11.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolución dos tribunais conforme o previsto na mencionada lei.

## 12.- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS.

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recabados que Vde. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Maceda. E polo que, informámolo que os datos persoais dos participantes serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Maceda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para que sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin polo Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos e a documentación achegada por vostede o longo do tempo do





tratamento formarán parte 9 Cod. Validación: 5AMDHEFPMWYGT46N5GT4C9EPZ | Corrección: <https://concello demaceda.sedelectronica.gal/> Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 16 CONCELLO DE MACEDA Xardíns Rosalía de Castro, nº 1 32700 - Maceda 988463001 dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Maceda” ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación de un posto de peón forestal que estará destinado ó servizo denominado: Planificación Preventiva, Limpeza de montes e xestión da Biomasa durante un período de 9 meses .

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante do proceso selectivo.

12.4.- Os seus dereitos ao facilitarnos os seus datos: Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://concello demaceda.sedelectronica.gal/>, tamén poderá solicitar exercelos nas dependencias do Concello en canto a: obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, tamén no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos tamén pode solicitalos ante este Responsable do Tratamento en: Xardíns Rosalía de Castro nº 1 (32700) Maceda (Ourense), tamén dirixíndose por vía mail a: [info@concello demaceda.org](mailto:info@concello demaceda.org) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos e facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos: O Concello de Maceda comprométese no uso e tratamento dos datos persoais das persoas usuarias, respectando a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e adaptar todas as medidas para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente de protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións mais alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

En Maceda, o Alcalde, Rubén Quintas Rodríguez  
Documento asinado dixitalmente







## ANEXO I MODELO DE INSTANCIA PEÓN FORESTAL 2023.

Nome e apelidos:  
DNI nº:  
Domicilio a efectos de notificacións:  
Teléfono:  
Correo electrónico:

Declaro:

- 1.-Que coñezo na súa integridade as bases de contratación que rexen esta convocatoria.
- 2.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan.

Xunto coa instancia achego a seguinte documentación:

- Copia auténtica do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- Declaración de non estar afectados por ningún motivo recollido na lexislación vixente (Anexo II).
- Relación de méritos que se xustifican (Anexo III).
- Só no caso de ter persoas ó seu cargo –Declaración de responsabilidade da existencia de responsabilidades familiares (Anexo IV).
- Documentación acreditativa dos períodos de inscrición como desempregado emitido pola oficina pública de emprego .
- Certificado de prestacións emitido pola oficina do INEM

MACEDA, a..... de..... de 2023.

Asdo:

**SR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MACEDA**





**ANEXO II  
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Nome e apelidos:  
DNI nº:  
Domicilio a efectos de notificacións:  
Teléfono:  
Correo electrónico:

**DECLARO:**

- A) Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administración públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que me impidan ó desempeño das función ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo ó estado, ás Comunidades autónomas ou ás entidades locais , nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- B) No caso de ser nacional doutro estado, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sancións disciplinarias ou equivalente que me impidan, no meu estado, ó acceso ó emprego público.

Maceda, a ..... de ..... de 2023.

Asdo.:.....







**ANEXO IV**

**DECLARACIÓN DA EXISTENCIA DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES**

Nome e apelidos:

DNI nº:

Domicilio a efectos de notificacións:

Teléfono:

Correo electrónico:

**DECLARO**

Ter o meu cargo as seguintes persoas co seu nome e apelidos:

- CÓNXUXE OU PARELLA DE FEITO
- FILLOS/AS MENORES DE 26 ANOS
- FILLOS/AS MAIORES DE 26 ANOS CON DISCAPACIDADE
- PERSOAS MAIORES INCAPACITADAS
- MENORES EN ACOLLEMENTO

Maceda, a ..... de ..... de 2023.

Asdo.:.....

